

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 27.06.2018

Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 27 de xuño de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

25983 (10/POC-005101)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns das discordancias existentes entre o Goberno galego e os representantes europeos en relación co procedemento seguido para a presentación da candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos, e as previsións do Goberno galego ao respecto

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1

11438 (10/PNC-001177)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o incremento polo Goberno galego, para o curso 2017-2018, do número de prazas públicas na escola infantil de Viana do Bolo, do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, ata eliminar a lista de espera existente

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 144, do 12.07.2017

2.2

26124 (10/PNC-002011)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dotar dun novo módulo a Escola Infantil de Chantada

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018

2.3

31838 (10/PNC-002589)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co suicidio dunha doente no Hospital "Lucus Augusti" de Lugo o día 12 de maio de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018

2.4

31996 (10/PNC-002603)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a cobertura polo Sergas das prazas de persoal necesarias para garantir a atención pediátrica nos centros de saúde de Coruxo e de Navia, en Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 319, do 13.06.2018

- 2.5 32089 (10/PNC-002615)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre o inicio polo Goberno galego das xestións necesarias co Concello de Noia para a construción dun centro de saúde accesible e cunha dotación de servizos adaptada ás demandas do concello e do seu contorno
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018
- 2.6 32320 (10/PNC-002634)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de mantemento que presentan os centros de saúde da provincia de Pontevedra e a partida orzamentaria consignada para o ano 2018 para ese fin, a transferencia ao Sergas dos de titularidade municipal e a cobertura de profesionais de atención primaria nesa provincia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 27.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 27.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 25983(10/POC-005101)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as razóns das discordancias existentes entre o Goberno galego e os representantes europeos en relación co procedemento seguido para a presentación da candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos, e as previsións do Goberno galego ao respecto



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Noela Blanco Rodríguez e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

O Goberno galego afirmou, por medio do presidente da Xunta de Galicia en actos públicos (24 de novembro de 2017 no Intecmar de Vilaxoán – Vilagarcía de Arousa), a través da súa Conselleira do Mar en Pleno do Parlamento (11 de xullo de 2017), por medio de membros da Consellería de Mar en sesión de control ao Goberno en Comisión do Parlamento de Galicia e a través dos medios de comunicación, que estaba a traballar e que presentara a candidatura de Galicia para a acollida na nosa Comunidade Autónoma da condición de laboratorio europeo de referencia de control bacteriolóxico de bivalvos, que Núñez Feijoo sinalou para o centro de investigación Intecmar, en Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa).

O propio 10 de outubro, a Comisión 8ª do Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade, a proposta do Grupo Parlamentario Socialista, o seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar todas as accións necesarias para constituír a mellor candidatura formal do Estado para que Galicia acolla o Laboratorio Comunitario de Control Bacteriolóxico de Bivalvos, definir a proposta concreta do concello candidato e constituír un grupo de traballo conxunto de todas as administracións implicadas (Estado, Comunidade Autónoma, Deputación Provincial e Concello) para traballar de maneira colaborativa en conseguir a chegada do dito laboratorio.”
(Comisión 8ª do Parlamento de Galicia. 10 de outubro de 2017)

A delegación española na Comisión Europea, e no Comité encargado de dirimir esta cuestión, estaba representada por membros do



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Ministerio de Sanidade pola súa función de control en termos alimentarios e de saúde.

A pesares disto, foi coñecido que a Comisión Europea presentou aos estados membros unha resolución que indicaba a desaparición como tal do laboratorio, e a atribución das funcións ás que Galicia aspiraba a laboratorios de outros países europeos. Máis alá de que esta información estaba en posesión das autoridades autonómicas antes de facer os relatados anuncios, foi coñecido tamén que nunca existiu unha candidatura formal como si se anunciou facer por parte do goberno da Xunta de Galicia.

En sesión plenaria do 20 de decembro de 2017, o Goberno da Xunta de Galicia respondeu, por medio da Conselleira do Mar, a estas cuestións para dar explicacións sobre o acontecido. As explicacións ofrecidas implicaron varias imprecisións sobre os procedementos de toma de decisión e dos representantes españoles participantes das xuntanzas europeas nas que foi coñecida e comunicada a decisión. Algunhas destas imprecisións foron advertidas en días posteriores por diversos representantes europeos que apuntaron novamente ás incoherencias do proceso anunciado, pero nunca levado a cabo, polo Goberno autonómico de Galicia.

En recentes días foi coñecido que a Xunta de Galicia continuou a facer novos intentos con funcións periféricas e dispersas, asociadas ao mesmo procedemento, tamén de maneira infrutuosa.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como explica o Goberno galego que as explicacións ofrecidas en Pleno do Parlamento de Galicia sexan discordantes coas actas existentes e as informacións ofrecidas polos representantes europeos participantes no procedemento?
2. Esixiu a Xunta de Galicia explicación ao Goberno de España sobre a súa explicación acerca do procedemento seguido?
3. Considera a Xunta de Galicia que é preciso ofrecer novas explicacións sobre o ocorrido que aclaren as contradicións



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/02/2018 11:30
Nº Rexistro: 25983
Data envío: 12/02/2018 11:30:39.156



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- evidenciadas entre a explicación oficial e a documentación e información provinte dos representantes da Comisión Europea?
4. Ten previsto o Goberno de Galicia dar algún paso máis sobre esta cuestión ou considera definitivamente pechadas as opcións a acoller algunha función ou laboratorio europeo?

Pazo do Parlamento, 9 de febreiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/02/2018 11:19:14

Noela Blanco Rodríguez na data 12/02/2018 11:19:19

María Dolores Toja Suárez na data 12/02/2018 11:19:24

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 27.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 27.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 11438(10/PNC-001177)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o incremento polo Goberno galego, para o curso 2017-2018, do número de prazas públicas na escola infantil de Viana do Bolo, do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, ata eliminar a lista de espera existente

Publicación da iniciativa, 144, 12.07.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Segundo datos da Consellería de Política Social, en 2015 Galicia contaba cun total de 498 escolas infantís (nos que se inclúen os centros de iniciativa pública, social, e privada con ánimo de lucro), que ofertaban 28.605 prazas. Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 81.235 persoas, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 35,2. A Coruña é a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 226 centros existentes ofrecen unha rateo de 38,4 prazas. Séguelle Pontevedra, con case 34,8 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e a continuación sitúanse Ourense e Lugo, con 30,6 e 28 prazas, respectivamente.

En novembro de 2016 a Xunta de Galicia anunciaba o incremento da oferta pública na Rede Galiña Azul, comprometéndose á creación durante a X lexislatura de 1.000 novas prazas. Dende o Grupo Parlamentario Socialista temémonos que este anuncio do Goberno galego non sexa máis que a continuación das políticas do Señor Feijoo, que dende a súa chegada á Presidencia da Xunta de Galicia camiñan pola senda da privatización de servizos públicos. Presume de novas prazas en garderías namentres pecha e desmantela as escolas infantís públicas, infradotadas de persoal, amortizando prazas, diminuindo o persoal, e deteriorando a calidade dos servizos que se prestan nas mesmas.

No Concello de Viana do Bolo incrementáronse nos derradeiros anos o número de nacementos, de tal maneira que no ano 2015 producíronse 10 veces máis que no 2010. Na derradeira adjudicación de prazas en escolas públicas infantís para o vindeiro curso 2017-2018, feita a través de Resolución da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar publicada na páxina web da Consellería de Política Social, hai



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/07/2017 10:13
Nº Rexistro: 11438
Data envío: 04/07/2017 10:13:57.498



Grupo Parlamentario

sete familias en lista de agarda aos que hai que engadir aos nenos e nenas deste concello que acoden na actualidade a escolas infantís situada noutros municipios da comarca.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar para o vindeiro curso o número de prazas públicas na escola infantil de Viana do Bolo, do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, ata niveis en que se elimine a lista de agarda e non sexa preciso que os nenos e nenas nados neste concello teñan que desprazarse a outros centros de municipios próximos, nin incrementar os concertos con entidades privadas.

Pazo do Parlamento, 3 de xullo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 04/07/2017 10:05:59

Raúl Fernández Fernández na data 04/07/2017 10:06:05

Julio Torrado Quintela na data 04/07/2017 10:06:09

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/07/2017 10:06:14

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 27.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 26124(10/PNC-002011)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dotar dun novo módulo a Escola Infantil de Chantada

Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**, relativa á **demanda dun novo módulo para a Escola Infantil de Chantada**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rede das escolas infantís dependentes da Xunta ten unha distribución territorial moi desigual, sendo Lugo a provincia con menor rateo de escolas públicas autonómicas.

Chantada conta cunha escola infantil da rede autonómica, do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar, cofinanciada por parte do Concello e das familias, con 58 prazas autorizadas.

A lista de agarda para escolas infantís no curso 2017-2018 situábase en xuño na provincia de Lugo en 678. Co baremo extraordinario de setembro, o listado definitivo é de 644 (45 nas escolas do Consorcio Galego de Servizos Sociais). En Chantada, a lista de agarda, segundo datos oficiais da Consellería de Política Social era en setembro de cinco crianzas (0-1 anos), pero hai constancia de máis familias con vontade de acceder a unha praza e o voceiro municipal do PP de Chantada afirmou no Pleno do municipio que a lista era de sete persoas.



A Xunta de Galicia afirmou que: “o obxectivo da Administración autonómica é conseguir que todos os concellos conten cun recurso de conciliación e que todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de entre cero e tres anos a obteñan e que non exista lista de agarda.”

A relación entre falta de servizos de calidade e perda de poboación é clara. Na provincia de Lugo sitúanse áreas das máis avellentadas do noso País, especialmente as áreas da Montaña. No seu conxunto, a provincia de Lugo acentuou coa crise o seu decrecemento demográfico, caendo a poboación total un 0,8% en 2015 (IGE), reducíndose así o peso da poboación lucense no conxunto da galega (12,36% en 2016). Cos últimos datos, de 1 de xaneiro de 2017, a provincia de Lugo conta con 333.511 habitantes, representando a provincia de Lugo o 12,31% da poboación galega.

Chantada ten unha poboación de 8.371 habitantes (IGE, 2017). En 2016, contaba con 231 crianzas entre 0 e 4 anos.

A rateo de escolas infantís da rede autonómica da provincia de Lugo, inferior ao dez por cento, ou a porcentaxe de matrículas en escolas infantís autonómicas na provincia a respecto do total galego, o 11%, nin sequera se corresponde co cada vez menor peso da poboación luguesa no conxunto de Galicia (12,3%).

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2018 10:46
Nº Rexistro: 26124
Data envío: 14/02/2018 10:46:42.191



1. Dotar a Escola Infantil de Chantada de medios materiais e humanos para ampliála cun novo módulo, a fin de que non exista lista de agarda para prazas en escolas infantís en Chantada.
2. Consignar partida orzamentaria para dito fin nos Orzamentos da Xunta de 2019.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2018.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Luis Villares Naveira
Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/02/2018 10:45:56

Luis Villares Naveira na data 14/02/2018 10:46:04

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 27.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 31838(10/PNC-002589)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co suicidio dunha doente no Hospital "Lucus Augusti" de Lugo o día 12 de maio de 2018

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 12:18
Nº Rexistro: 31838
Data envío: 04/06/2018 12:18:47.072

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á actuación levada a cabo pola dirección do HULA diante do suicidio dunha doente nese hospital o pasado 12 de maio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tivemos coñecemento a través dos medios de comunicación que o 12 de maio unha muller de 74 anos ingresada no HULA, na planta de cirurxía vascular, quitouse a vida precipitándose desde o cuarto piso por un patio interior do hospital.

O BNG lamenta este trágico suceso. Un acontecemento que non tiña que acontecer, acontecera e fora nun hospital público. Este falecemento pon de manifesto con toda crueza a dramática situación da atención á saúde mental na sanidade pública galega en xeral e a carencia de programas de prevención do suicidio en particular.

Este caso exemplifica todo o que non se debe facer e pon de manifesto, as moitísimas carencias de recursos e fallos en toda a cadea. Preventivos, suicidio, na comunicación do mesmo aos familiares e no coidado posterior das persoas vinculadas.

Os cadros de persoal son insuficientes, moi por debaixo das ratios precisas para poder prestar unha axeitada calidade asistencial. A atención psicolóxica e psiquiátrica



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 12:18
Nº Rexistro: 31838

Data envío: 04/06/2018 12:18:47.072

especializada a doentes hospitalizados no conxunto do HULA está por debaixo de mínimos, non existe un programa de prevención do suicidio.

A pesares da propaganda da Xunta, e do propio Conselleiro que presentou no mes de setembro do 2017 no Parlamento o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia, nada máis se sabe do mesmo. Non se aplican procedementos de actuación ante doentes con risco de suicidio e os que existen só se empregan nas unidades de hospitalización psiquiátrica.

Neste caso, a pesares do neto da falecida ter alertado de que vía á súa avoa animicamente deprimida e que lle tiña manifestado a súa intención de morrer non se lle aplicou ningún protocolo.

No referido á “posvención en superviventes”, a atención aos familiares e entorno, conforme ao indicado na atención en mortes por suicidio, os responsábeis do HULA realizaron unha actuación moi mellorábel.

O Hospital fai unha comunicación nefasta deste tráxico suceso coa familia, como se dunha xestión administrativa se tratara. Comunicanlle a morte do familiar vía telefónica, a persoa encargada de xestionar a situación é unha celadora, ninguén de dirección ten contacto coa familia, non lle deixan acceder á cuarta planta onde estaba ingresada, non lle permiten ver o cadáver, ofrécelle recursos de atención psicolóxica ao entorno familiar 11 días despois...

Ante un suceso dramático como este, con moitas dúbidas a respecto do coñecemento dos feitos e a responsabilidade dos mesmos, a familia ten dereito a información veraz e coidadosa do que pasou, información que a día de hoxe non teñen e polo tanto transcorridos máis de 20 días do suceso faise preciso que por parte da

dirección do Hula se proceda a facilitar esa información e a tomar todas as medidas precisas para evitar que sucesos deste tipo se poidan repetir.

Por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Que os responsábeis do HULA procedan a facilitar de inmediato á familia de Irene Agrelo de 74 anos que se suicidou o pasado 12 de maio nese hospital, información veraz e coidadosa de todo o acontecido, atención e a reparación oportuna.

-Analizar o ocorrido, dende a súa consideración como *evento centinela*, para obter coñecemento que oriente as accións necesarias para evitar a súa repetición no futuro.

-Dotar ao hospital dun programa de prevención no que se especifiquen actuacións para a humanización da institución e de coidado psicolóxico ás persoas ingresadas nos diferentes servizos, protocolos de actuación nos mesmos e accións de sensibilización, información e formación do persoal sanitario.

-Dotar adecuadamente cos profesionais necesarios os dispositivos de atención psiquiátrica e de psicoloxía clínica do HULA para garantir as atencións especializadas ás que teñen dereito as persoas ingresadas en todos os servizos do Hospital.

-Presentar polos servizos, e en especial polo responsábel da atención á saúde mental, a estimación de dotacións adecuada para proporcionar unha atención sanitaria á



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 12:18
Nº Rexistro: 31838
Data envío: 04/06/2018 12:18:47.072

súa poboación de referencia, que responda ás súas necesidades e sexa acorde cos coñecementos e capacitacións profesionais actuais.

-Incrementar o orzamento destinado á saúde mental e á prevención do suicidio dotando adecuadamente os recursos, especialmente os sociais e sanitarios, toda vez que por parte da Xunta de Galicia se está afirmando reiteradamente que estamos en plena recuperación económica.”

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/06/2018 11:40:04



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/06/2018 12:18
Nº Rexistro: 31838
Data envío: 04/06/2018 12:18:47.072

Ana Pontón Mondelo na data 04/06/2018 11:40:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/06/2018 11:40:11

Olalla Rodil Fernández na data 04/06/2018 11:40:12

Noa Presas Bergantiños na data 04/06/2018 11:40:14

Xosé Luis Bará Torres na data 04/06/2018 11:40:15

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 27.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 31996(10/PNC-002603)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a cobertura polo Sergas das prazas de persoal necesarias para garantir a atención pediátrica nos centros de saúde de Coruxo e de Navia, en Vigo

Publicación da iniciativa, 319, 13.06.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 10:12
Nº Rexistro: 31996
Data envío: 07/06/2018 10:12:59.081

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á cobertura de prazas de pediatría nos centros de saúde de Coruxo e Navia en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Saúde de Coruxo en Vigo dispón dunha praza de pediatría para atender aos preto de mil nenos e nenas correspondentes ás parroquias de Coruxo, Saiáns, San Miguel de Oia e parte de San Andrés de Comesaña. A isto hai que sumarlle que durante os meses de verán a poboación destas parroquias aumenta considerabelmente, polo que dispor do servizo de atención pediátrica no Centro de Saúde de Coruxo convértese nunha necesidade urxente.

Tras da recente xubilación da persoa que viña ocupando esta praza procedeuse a cubrila mediante unha substitución en réxime de interinidade e cuxa contratación está previsto que remate en breve sen que se teña asignada a praza de pediatría deste centro de saúde, o cal é indicativo da falla de previsión por parte do SERGAS.

Esta situación está a ocasionar grande preocupación entre ás familias usuarias deste Centro de Saúde que se ven abocadas a ser atendidas no Centro de Saúde de Navia (ou no caso das tardes no servizo de urxencias pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro).



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 10:12
Nº Rexistro: 31996

Data envío: 07/06/2018 10:12:59.081

O Centro de Saúde de Navia xa presenta serios problemas de masificación tanto pola alta poboación infantil existente nesta parroquia así como polo traslado dos preto de 900 nenos e nenas correspondentes ao Centro de Saúde de Coia.

Desde o BNG, sendo conscientes da falla de pediatras existente, consideramos que o SERGAS coa súa política de amortización de prazas e de recortes en atención primaria segue sen atender debidamente a demanda de pediatras nos centros de saúde de Vigo, en concreto nos de Coruxo e Navia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:

1.- Garantir por parte do SERGAS a cobertura pediátrica no Centro de Saúde de Coruxo en Vigo coa maior brevidade posíbel.

2.- Dotar ao servizo de pediatría do Centro de Saúde de Navia de persoal suficiente, unha cuarta praza de pediatría e unha máis de enfermería, para atender debidamente á elevada poboación infantil asignada a este centro de saúde.”

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/06/2018 10:12
Nº Rexistro: 31996

Data envío: 07/06/2018 10:12:59.081

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/06/2018 10:08:56

Olalla Rodil Fernández na data 07/06/2018 10:09:17

Noa Presas Bergantiños na data 07/06/2018 10:09:23

Ana Pontón Mondelo na data 07/06/2018 10:09:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 07/06/2018 10:09:53

Xosé Luis Bará Torres na data 07/06/2018 10:09:55

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 27.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 32089(10/PNC-002615)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o inicio polo Goberno galego das xestións necesarias co Concello de Noia para a construción dun centro de saúde accesible e cunha dotación de servizos adaptada ás demandas do concello e do seu contorno

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª**.

Exposición de motivos

O Centro de Saúde de Noia está a quedar obsoleto nas súas instalacións, principalmente tendo en conta a demanda á que ten que facer fronte.

O espazo co que conta é insuficiente para ás persoas ás que lles corresponde ese centro de saúde así como para os servizos que debe ofrecer. O PAC, que debe atender a unhas 35.000 persoas, que tamén veñen de outros concellos como Porto do Son, Lousame ou Outes, quedase totalmente pequeno, o que provoca constantes saturacións no verán.

O Plan Xeral de Ordenación Municipal, non contempla unha posible reforma do edificio onde se atopa o actual centro de saúde, polo que faise totalmente necesaria a procura dunha nova parcela, moito máis accesible, na que poder construír un centro de saúde que de resposta ás demandas sanitarias do municipio e a súa contorna.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a iniciar as xestións necesarias co Concello de Noia para levar a cabo a construción dun centro de saúde accesible e con servizos adaptados ás demandas do Concello e a súa contorna.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2018.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/06/2018 11:59
Nº Rexistro: 32089
Data envío: 08/06/2018 11:59:19.892



Asdo.: Eva Solla Fernández,

Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 08/06/2018 11:58:59

Luis Villares Naveira na data 08/06/2018 11:59:06

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 27.06.2018

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 32320(10/PNC-002634)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 4 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co estado de mantemento que presentan os centros de saúde da provincia de Pontevedra e a partida orzamentaria consignada para o ano 2018 para ese fin, a transferencia ao Sergas dos de titularidade municipal e a cobertura de profesionais de atención primaria nesa provincia

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2018 13:47
Nº Rexistro: 32320
Data envío: 12/06/2018 13:47:55.440



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Abel Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis próxima.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao Goberno de Núñez Feijoo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a menos



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

dun 15 % dos titulados MIR, o que supón un dato preocupante. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servicios, afastado a atención dos e das cidadáns.

O Plan de Mellora da Atención Primaria, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para o fortalecemento da atención primaria. A pesares diso, a construción de novos centros de saúde, ou a reforma dalgúns xa existentes, supón outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega. Os orzamentos de 2016, 2017 e 2018, por coller os exemplos máis recentes, coinciden nos compromisos de varios centros de saúde apuntados nun e outro, repetidamente, os mesmos sucesivamente, ignorando ningunha responsabilidade polo anuncio e compromiso de infraestruturas que logo nunca se inician. Os orzamentos de 2016 dedicaban 3,8 millóns de euros a renovación, construción e equipamento de centros de saúde da provincia de Pontevedra. Os orzamentos de 2017 e 2018 acumulados dedicaron 3,9 para as mesmas partidas. Ademais da perda de investimentos, xa de por si moi limitados e que resultan mínimos comparados co canon de máis de 40 millóns de euros anuais que se dedica a pagar polo Hospital Álvaro Cunqueiro, a tendencia da Consellería de Sanidade é a terminar por non executar unha boa parte destas partidas, reutilizando os cartos para resolver problemas de execución e orzamentaria noutras cuestións que se planifican erroneamente de maneira sistemática. Esta práctica, alertada e criticada polo Consello de Contas de Galicia dificulta o seguimento dos orzamentos, e evidencia a nula aposta pola atención primaria por parte do Sergas.

A provincia de Pontevedra vese especialmente danada pola política de abandono da atención primaria por parte do Sergas. Existen numerosas demandas reivindicadas por persoas usuarias, profesionais, representantes cidadáns e numerosos colectivos afectados, que están sendo sistematicamente ignoradas pola Xunta de Galicia. Sinaladamente, pódense comprobar numerosos casos de melloras de



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

infraestruturas de atención primaria, ou de construción de centros novos, que son diminuídas e esquecidas pola Xunta de Galicia no caso dos concellos que non son gobernados polo PP, formación que de maneira repetida vota contra estas melloras nestes casos no Parlamento de Galicia. As reclamacións sobre mantemento, construción ou dotación de persoal nos centros de saúde de Vilagarcía, A Illa, O Grove, Cambados, Pontearreas, Navia (Vigo), As Neves, Cuntis e moitos outros son exemplos de desleixo da Xunta de Galicia para colaborar coa mellora asistencial dos veciños e veciñas destes lugares.

Non ocorre así cando as cuestións se refiren a concellos onde goberna o PP, nos que as peticións e demandas que se realizan son atendidas sen problemas por parte do Goberno autonómico e aprobadas vía parlamentaria polo PP.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Non diminuír a partida orzamentaria para 2018 dedicada a centros de saúde na provincia de Pontevedra
2. Comprometer aumentar nun mínimo dun 15 % a partida orzamentaria para mantemento de centros de saúde na provincia de Pontevedra para os orzamentos de 2019 e, posteriormente, para os de 2020.
3. Realizar un informe do estado do mantemento dos centros de saúde da provincia de Pontevedra e, de ser necesario, dedicar unha partida específica a solucionar aqueles problemas de maior urxencia
4. Axilizar a transferencia da titularidade dos centros de saúde municipais ao Sergas, en cumprimento do acordo asinado coa Fegamp.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2018 13:47
Nº Rexistro: 32320
Data envío: 12/06/2018 13:47:55.440



 Grupo Parlamentario

5. Garantir a cobertura de profesionais en atención primaria na provincia de Pontevedra na maior medida posible, tendo en conta a dispoñibilidade de profesionais contratables existentes.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 11 de xuño de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Abel Losada Álvarez
Noela Blanco Rodríguez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/06/2018 13:44:00

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/06/2018 13:44:07

María Luisa Pierres López na data 12/06/2018 13:44:12

Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/06/2018 13:44:17

Noela Blanco Rodríguez na data 12/06/2018 13:44:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/06/2018 13:44:27